



A Cámara galega ofrece a súa sede á Universidade de Alcalá para abordar un asunto de capital importancia para superar a actual crise económica, avanzando no compromiso de Pilar Rojo de abrir a Cámara a propostas de interese

O Parlamento de Galicia acollerá un curso sobre “O reto da competitividade da economía española”, dirixido por Rodrigo Rato

- A día de hoxe están inscritos máis de sesenta participantes, entre os que se contan deputados galegos e nacionais, senadores e outros cargos públicos procedentes de diferentes puntos da xeografía española
- O foro será inaugurado este xoves pola presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, polo reitor da Universidade de Alcalá, Virgilio Zapatero, e polo director do curso, Rodrigo Rato
- “A competitividade vista desde o sector empresarial, análises de casos de éxito”, ou “Como se ensina á xente a ser competitiva”, son algúns dos aspectos que se van abordar no curso

Santiago, 16 de xaneiro de 2010.- “O reto da competitividade da economía española” será o título dun foro que terá lugar no Parlamento de Galicia entre os vindeiros días 21 e 23 de xaneiro. O curso, organizado polo Centro de Estudos de Políticas Públicas e Goberno da Universidade de Alcalá, busca dar respostas ao reto de adoptar os actuais modelos de crecemento nun contexto de mercados cada vez máis globalizados e nun entorno macroeconómico marcado pola saída da recesión.

Para tal efecto, o foro combina a análise académica coa visión dos empresarios, dos administradores e dos propios xestores da política económica.

O curso arrincará as súas actividades o vindeiro xoves, 21 de xaneiro, cunha visita, en horario de mañá, ás instalacións de Inditex. Xa pola tarde, terá lugar, na sede do Parlamento de Galicia, a súa apertura oficial, un acto que contará coa intervención da presidenta da Cámara galega, Pilar Rojo Noguera; do director do curso, Rodrigo Rato, ex vicepresidente do Goberno e ex director xerente do FMI; e do reitor da Universidade de Alcalá, Virgilio Zapatero.

De seguido, un relatorio de Mauro Guillén, director do *Lauder Institute. The Wharton School*, da Universidade de Pennsylvania, analizará "Que é e como se consegue a competitividade", que dará paso a unha mesa redonda na que se abordarán experiencias sobre como influír na competitividade desde a política económica.

Experiencias prácticas

Xa ao día seguinte, o venres 22 de xaneiro, o Parlamento acollerá o segundo bloque de actividades, que xirará sobre "A competitividade vista desde o sector empresarial. Análise de casos de éxito", no que diferentes directivos contarán experiencias concretas de empresas como *Inditex*, *El Pozo Alimentación*, *Sendin Transporte Urgente*, *AC Hotels* ou *Abengoa*.

O terceiro bloque do curso, que levará por título "¿Como se manifesta a competitividade? ¿Como se ensina á xente a ser competitiva? ¿Como perciben os empresarios a competitividade?", desenvolverase na mañá do sábado 23 de xaneiro. Antonio Garrigues, presidente de *Garrigues* analizará "A Internacionalización da empresa española", mentres que Juan Iranzo, director do Instituto de Estudios Económicos disertará sobre "Formación e Competitividade". Estas dúas

intervencións irán seguidas dun coloquio moderado por Luis Maldonado, director de *PriceWaterhouseCoopers*.

Esa mesma mañá, o último relatorio correrá a cargo de Javier Gómez Navarro, presidente do Consello Superior de Cámaras de Comercio.

Contra o mediodía, Rodrigo Rato encargárase do resumo do foro e do acto de clausura.

Pilar Rojo aposta por abrir o Parlamento

A celebración deste evento na sede da Cámara galega foi acordada meses atrás pola presidenta do Parlamento, Pilar Rojo, e maila Universidade de Alcalá de Henares. Con actividades como esta, Pilar Rojo pretende ir abrindo o Parlamento a actividades diversas que podan redundar en beneficio de toda a sociedade galega.

O foro sobre a competitividade da economía española constitúe, en opinión da presidenta da Cámara, un asunto de sumo interese no momento actual e pode contribuír a achegar ideas para superar a crise económica, dada a solvencia dos relatores convidados.

A día de hoxe están inscritos neste curso máis de sesenta participantes, entre os que se contan deputados galegos e nacionais, senadores e outros cargos públicos, de militancia política diversas, e procedentes de diferentes puntos da xeografía española. Todos eles están vinculados á áreas económicas (comisións de economía, Industria, etc) e de xestión pública.

Líderes comprometidos do servizo público

O Centro de Estudos de Políticas Públicas e Goberno da Universidade de Alcalá, organizador deste foro, segue o ronsel dos prestixiosos centros de estudos políticos existentes noutros países como Francia, Estados Unidos e Canadá. É o primeiro

centro de España dependente dunha Universidade Pública que pon a disposición dos responsables de aplicar as políticas públicas e outras persoas interesadas nestas un foro de reflexión e achegamento ás novas correntes de pensamento, ao desenvolvemento de políticas comparadas e á resolución dos problemas dos países do noso ámbito.

O Comité de Dirección do Centro está presidido por Virgilio Zapatero, reitor da Universidade de Alcalá, e composto por Manuel Marín, Rodrigo Rato, e Carmen Mateo, presidenta de Cariotipo MH5, e directora do Centro.

As escolas de Política e Goberno son toda unha institución en distintos países do noso ámbito. Potencias mundiais, entre as que se encontran as democracias máis antigas europeas, como Francia e Inglaterra, e outras, como Canadá e Estados Unidos, contan con centros políticos moi consolidados. O seu traballo, ao longo de moitos anos, achegou os instrumentos necesarios para a toma de decisións dos gobernantes, organizacións e partidos políticos, chegando a crear líderes duradeiros e fortemente comprometidos co servizo público á sociedade.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia